

INSTRUCCIÓN E DOCUMENTOS PARA SOLICITAR SUBVENCIONES DIRECTAS NOMINATIVAS PARA ASOCIACIONES E ENTIDADES

De acordo co disposto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa, entre outras, as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A estes efectos, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos aquela en que, polo menos, a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

Pola súa parte, a Ordenanza Xeral de Subvencións da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo establece, no seu artigo 2, que cando, por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da persoa ou entidade que haxa de executar aquela actividade, non sexa posible promover a concorrencia pública, as subvencións outorgaranse mediante resolución ou acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se farán constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria en réxime de concorrencia, así como a forma en que deberá ser xustificada a aplicación dos fondos recibidos.

Así mesmo, dispón o artigo 18 do mesmo texto normativo que as subvencións contempladas no artigo 2, que quedan exceptuadas do réxime de concorrencia, formalizaranse previo convenio, no seu caso, coa entidade beneficiaria, no que, obrigatoriamente, se establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na Lei Xeral de Subvencións.

Deste xeito, unha vez que os Orzamentos Xerais da Deputación de Lugo se atopen vixentes, e recollendo estes subvencións nominativas en favor de entidades ou asociacións, estas serán informadas de dita circunstancia a través da correspondente comunicación. Unha vez recibida a mesma, aquelas disporán de 20 días para, previa **observación destas instrucións**, a presentación da seguinte documentación (sen prexuízo de que, en aplicación do artigo 66.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poida acompañar os elementos que estime convenientes para precisar ou completar os datos dos modelos propostos, os cales deberán ser admitidos e tidos en conta polo órgano ao que se dirixan):

- Solicitud para a concesión da subvención (**Modelo solicitude**), datada e asinada polo representante legal da entidade, no que deberá constar:
 - Importe da subvención a solicitar.
 - Declaración do representante de estar ao corrente de obrigas tributarias; de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro; e de non estar incurso en prohibición para ser beneficiario, segundo o establecido na Lei Xeral de Subvencións e da Lei de Subvencións de Galicia.
 - Desagregación de financiamento da actuación obxecto da subvención.



- Declaración de se pode a entidade deducir o IVE da actuación a subvencionar.
- Declaración xurada doutras subvencións e patrocinios concedidas ou solicitadas.
- Autorización do representante da entidade para que, de ser preciso, a Deputación de Lugo solicite certificados de cumprimento de obrigas ca Axencia Tributaria estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Servizo de Recadación provincial.
- Certificado do secretario/a da entidade (**Anexo I**), no que deberá constar:
 - Que a persoa asinante ten a capacidade de obrar ante a Deputación de Lugo como representante legal da entidade.
 - Que na reunión da xunta directiva da entidade, celebrada o día __/__/__, acordouse por unanimidade nomear como representante autorizado a D/D^a _____ para as relacións desta entidade coa Deputación de Lugo (no caso de non ser xa o representante legal).
 - Que segundo a documentación que figura nesta entidade, esta presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actividade, sen o anticipo a conta do (como máximo) 80% do importe da subvención solicitada, con dispensa de garantía (só no caso de solicitar anticipo e ser unha subvención por importe superior a 3.000 €).
 - Que os estatutos da entidade presentados na anualidade ____ non sufriron modificacións nin actualizacións, atopándose en vigor na actualidade.
- No caso de non ter presentados os estatutos anteriormente ante a Deputación de Lugo, fotocopia dos mesmos, inscritos no Rexistro de Asociacións correspondente.
- De ser o caso, solicitude de autorización para a subcontratación de actividades subvencionadas con terceiros (**Anexo II**).
- Proxecto descritivo e valorado economicamente da actividade a subvencionar (datado e asinado).
- Orzamento de ingresos e gastos da actividade (cadrado, datado e asinado). En ningún caso os ingresos poden superar os gastos. Deberá ter en conta, ademais, que, polo menos, o 5% do proxecto subvencionado deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (para subvencións de importe superior a 3.000 €).
- Fotocopia do NIF do/a representante da entidade.
- Fotocopia do NIF do/a secretario/a da entidade.

- Para o caso de que a actividade a subvencionar sexa unha obra, achegarase o compromiso da obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos de cumprimento da legalidade urbanística, o respecto e protección do patrimonio histórico - artístico e do medio ambiente.

NOTAS A TER EN CONTA:

- En calquera caso, a porcentaxe do custo total da actividade (segundo o orzamento achegado pola entidade solicitante da subvención) que deberá ser sufragada con fondos propios da entidade beneficiaria non poderá ser inferior ao 5% de aquel importe.
- Para solicitar anticipo, o importe total da subvención deberá superar os 3.000 €, podendo consistir aquel, como máximo, no 80% do importe da subvención. Para elo, a entidade beneficiaria deberá sinalar dita circunstancia no recadro correspondente da solicitude de subvención, e achegar, ademais dos documentos anteriormente indicados:
 - Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.
 - Detalle do nivel de execución do gasto, indicativos da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil (**Detalle do nivel de execución de gastos**).
 - Documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas e que son obxecto da subvención (**so no caso de que a actividade subvencionada sexa unha obra**).
 - **No caso de non ter solicitado o anticipo na solicitude inicial de subvención**, solicitude para o de concesión e aboamento do anticipo (**Modelo solicitude aboamento anticipo**), datada e asinada polo representante legal da entidade.
- No caso de solicitar autorización para a subcontratación de actividades subvencionadas, cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 29.3 da Lei Xeral de Subvencións.
- Cando o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior a 40.000 €, no caso de obras, ou igual ou superior a 15.000 €, no caso de servizos, deberanse achegar, adicionalmente, os tres orzamentos que, como mínimo, a entidade beneficiaria deberá solicitar segundo o artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables (tanto para obras como para o resto do investimento), antes da concesión da subvención haberá que acreditar a propiedade ou dereitos de uso idóneos sobre os ditos bens.